

Procedemento e criterios para asignación e cambio de grupo de docencia

(aprobado pola Comisión Delegada da Xunta de Centro o 24 de maio de 2018)

A Resolución de 15 de xuño de 2011, pola que se publica a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011 (DOG núm. 140, 21 de xullo de 2011), establece que entrementes o Consello de Goberno non aprobe unha normativa xeral sobre cambio de grupo, os centros establecerán os criterios tanto para a asignación como para o cambio de grupo.

Esta normativa establece que son criterios preferentes para a asignación ou cambio de grupo a posibilidade de conciliar a formación con actividades profesionais, extra académicas ou familiares, para o alumnado a tempo parcial e especificamente os dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero. Tamén poderán considerarse as características das diferentes materias e o número de convocatorias esgotadas polos solicitantes.

En base ao anterior este centro establece o seguinte:

.-Distribución dos grupos de docencia:

O alumnado estará adscrito en función da inicial do seu primeiro apelido, aos diferentes grupos previstos no Plan Docente Anual (PDA) agás o alumnado de novo ingreso que irase asignando aos grupos interactivos por riguroso orde de entrega da inscrición na EUTS ata completar cada grupo.

No caso que o número de alumnos/as nun grupo supere o máximo permitido pola normativa, ou quede moi por debaixo, o centro pode facer unha reasignación dos grupos e, si é preciso, unha modificación do PDA.

A distribución publicarase anualmente nos taboleiros virtuais e do centro durante o mes de xullo, establecendo o número de grupos e a composición dos mesmos en función do PDA aprobado e o número de alumnado matriculado para cada curso académico.

.-Modalidades de Cambio de grupo:

-Cambio en bloque para todas as materias: A solicitude de cambio de grupo de docencia terá que facerse en bloque para todas as materias nas que o/a alumno/a estea matriculado, dentro do mesmo nivel de curso e por ano académico, e debe estar motivada.

-Cambio parcial de materias: prevista para o/a alumnado que está matriculado en materias correspondentes a cursos diferentes, o que pode dar lugar a incompatibilidade horaria das sesións docentes. Neste caso, e para facilitar a asistencia ás clases, o cambio afectará exclusivamente a todas as materias do curso e cuadrimestre para o que se solicite o cambio.

-Cambios dentro de Programas de intercambio: para o alumnado que curse estudos no centro ao amparo de convenios de intercambio ou bilaterais: a asignación de grupo realizarase en función das materias nas que estea matriculado.

.-Procedemento de solicitude:

O alumnado presentará nas oficinas do Negociado do Centro a solicitude de cambio no impreso establecido para isto, xunto coa documentación acreditativa da situación que lle impida a regular asistencia ás sesións docentes, tendo **como prazo límite:**

- **Os 10 primeiros días lectivos en cada cuadrimestre**

Fora deste prazo so poderán facerse solicitudes por causas sobrevidas, e estimarase a súa pertinencia pola Comisión de Título.

.-Resolución:

- Para a resolución das solicitudes, a Comisión de Título terá en conta exclusivamente a documentación presentada coa solicitude, A non entrega da documentación que xustifique os motivos alegados, implicará a non aceptación da tramitación da solicitude.

-A resolución provisoria das solicitudes farase pública no taboleiro de anuncios do centro e na web propia deste, nun prazo máximo de 7 días a contar desde o remate do período de solicitude.

-Poderá presentarse reclamación á resolución da Comisión de Título ante a Dirección do Centro, nos dez días seguintes a súa publicación. En 7 días, a Dirección resolverá as reclamacións unha vez escoitada a Comisión de Título.

Todos os cambios de grupo concedidos son **irrenunciabes**.